 - Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Relacións
 - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 999) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.
 - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 999) e ordinais (ata o 10^9) como solución de problemas de situacións cotiás.
 - Estratexias variadas manipulativas, gráficas e con calculadora para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns.
- Educación financeira
 - Aproximacións e estimacións en situacións simuladas de compra e venda, contraste da validez de cada estratexia, así como das súas vantaxes e inconvenientes.
- Magnitude
- Organización e análise de datos
- Incerteza
- Crenzas, actitudes e emocións
 - Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión.
 - Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para regular a frustración.
 - Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe.
 - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
 - Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - matemáticas. - Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas. - Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea. - Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero. - Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
6	Tú eres importante	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.	PE	25
CA3.2 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA3.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá.		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.	TI	75
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Representar de forma sinxela as ideas contidas en problemas matemáticos cotiáns.		
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Emprega a calculadora para realizar series, buscar patróns e comprobar resultados		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Indica con esquemas ou secuencias os pasos dunha rutina ou tarefa.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos. - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. - Cantidade - Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999. - Composición, descomposición e recomposición de números naturais en contextos cotiás ata 999 investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido. - Representación dunha mesma cantidade ata 999 de forma manipulativa, gráfica e numérica segundo requira cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Estimación razoada de cantidades ata o 999 en problemas cotiás con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como

Contidos

- parte da aprendizaxe.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados.
- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido.
- Formulación de problemas que se resolvan con operacións de suma e resta baseados en situacións habituais que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 999) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.
- Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 999) e ordinais (ata o 10^º) como solución de problemas de situacións cotiás.
- Estratexias variadas manipulativas, gráficas e con calculadora para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiás.
- Educación financeira
- Aproximacións e estimacións en situacións simuladas de compra e venda, contraste da validez de cada estratexia, así como das súas vantaxes e inconvenientes.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Análise, comparación e descrición de obxectos cotiás e elementos destes, así como de imaxes, cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras (triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e círculo), os seus elementos (ladros, ángulos e vértices) e as súas propiedades.
- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas, logo da análise, exploración e recoñecemento de regularidades e propiedades; composición e descomposición manipulativas con recursos funxibles, non funxibles como pezas de construción, bloques, mecanos, xeoplanos, tangram, xogos de figuras e ferramentas dixitais.
- Experimentación a partir da composición e descomposición de figuras planas para formar outras, mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, tangram) e ferramentas dixitais, con explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións, propiedades e patróns con perseveranza ante os retos.
- Observación, manipulación e xogo para a identificación de simetrías en figuras xeométricas sinxelas e completión de figuras simétricas.
- Localización e sistemas de representación
- Localización e posicións no espazo físico cotián a través do xogo: descrición, interpretación e representación da posición de obxectos e persoas en espazos concretos, relacións espaciais e desprazamentos.
- Interpretación, descrición e deseño de esbozos relacionados con itinerarios en espazos habituais, análises e comparación das producións en equipo, reelaboración individual con valoración do erro como mecanismo de mellora e explicación do proceso con vocabulario de posición (arriba, abaixo, diante, detrás, entre, preto, lonxe, máis preto que, menos preto que, máis lonxe que, menos lonxe que, próximo, afastado, á beira) e de elementos xeométricos básicos.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución en equipo de problemas da vida cotiá relacionados cos outros sentidos matemáticos mediante modelos xeométricos, con elaboración de hipóteses sinxelas, explicación do significado dos datos, contraste dos resultados obtidos e indicación do proceso seguido.

Contidos

- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físico-natural, os xogos e planos do seu contexto próximo.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión.
- Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para regular a frustración.
- Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea.
- Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
7	Investigo zonas verdes	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar a información xeral contida en problemas da vida cotiá próxima ao alumnado.	PE	75
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.		
CA1.8 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.	TI	25
CA3.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar os pasos seguidos no traballo matemático.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos. - Cantidade - Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999. - Composición, descomposición e recomposición de números naturais en contextos cotiás ata 999 investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido. - Representación dunha mesma cantidade ata 999 de forma manipulativa, gráfica e numérica segundo requira cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Estimación razoada de cantidades ata o 999 en problemas cotiás con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Análise, comparación e descrición de obxectos cotiás e elementos destes, así como de imaxes, cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras (triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e círculo), os seus elementos (ladados, ángulos e vértices) e as súas propiedades. - Construción individual e en equipo de figuras xeométricas, logo da análise, exploración e recoñecemento de regularidades e propiedades; composición e descomposición manipulativas con recursos funxibles, non funxibles como pezas de construción, bloques, mecanos, xeoplanos, tangram, xogos de figuras e ferramentas dixitais. - Experimentación a partir da composición e descomposición de figuras planas para formar outras, mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, tangram) e ferramentas dixitais, con explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións, propiedades e patróns con perseveranza ante os retos. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físico-natural, os xogos e planos do seu contexto próximo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos - Resolución de problemas cotiáns, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos.

UD	Título da UD	Duración
8	Cuido la tierra	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar a información xeral contida en problemas da vida cotiá próxima ao alumnado.	PE	65
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA1.8 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..		
CA1.9 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.	TI	35
CA3.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos. - Cantidade - Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999. - Composición, descomposición e recomposición de números naturais en contextos cotiáns ata 999 investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido.

Contidos

- Representación dunha mesma cantidade ata 999 de forma manipulativa, gráfica e numérica segundo requira cada situación, reto ou problema da vida cotiá.
- Sentido das operacións
- Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe.
- Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados.
- Relacións
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Análise, comparación e descrición de obxectos cotiáns e elementos destes, así como de imaxes, cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras (triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e círculo), os seus elementos (lados, ángulos e vértices) e as súas propiedades.
- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas, logo da análise, exploración e recoñecemento de regularidades e propiedades; composición e descomposición manipulativas con recursos funxibles, non funxibles como pezas de construción, bloques, mecanos, xeoplanos, tangram, xogos de figuras e ferramentas dixitais.
- Experimentación a partir da composición e descomposición de figuras planas para formar outras, mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, tangram) e ferramentas dixitais, con explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións, propiedades e patróns con perseveranza ante os retos.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físico-natural, os xogos e planos do seu contexto próximo.
- Organización e análise de datos
- Resolución de problemas cotiáns, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos.

UD	Título da UD	Duración
9	Y tú, ¿cuidas el planeta?	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.	PE	60
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Emprega a calculadora para realizar series, buscar patróns e comprobar resultados	TI	40
CA1.9 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos. - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. - Cantidade - Sentido das operacións - Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais. - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido. - Relacións - Identificación, representación e uso dos números pares e impares en contextos cotiás, investigando propiedades e relacións de forma guiada. - Organización e análise de datos - Lectura e interpretación de datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos. - Resolución de problemas cotiás, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos. - Representación de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais, físicos e escolares), logo da observación e reconto, con gráficas sinxelas (barras, pictogramas) e recursos tanto non convencionais (obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, pezas de construción, bloques) como convencionais e tecnolóxicos para comunicalos.

UD	Título da UD	Duración
10	Mi máquina amiga	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar a información xeral contida en problemas da vida cotiá próxima ao alumnado.	PE	50
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Aplicar distintas estratexias ante a medida en metros, centímetros e kilómetros.		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar cooperativamente.	TI	50
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Emprega a calculadora para realizar series, buscar patróns e comprobar resultados		
CA1.9 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos. - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.

Contidos

- Cantidade
- Sentido das operacións
- Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais.
- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido.
- Magnitude
- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade, temperatura), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.
- Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás.
- Medición
- Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas.
- Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos, termómetros) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz (selección do instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades) con explicación verbal e gráfica do proceso seguido.
- Estimación e relacións
- Experimentación (comparación, ordenación, composición, descomposición) e expresión oral, gráfica ou iconográfica e escrita das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro.
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
11	Beber vida	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.	PE	20
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar a información xeral contida en problemas da vida cotiá próxima ao alumnado.	TI	80
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Emprega a calculadora para realizar series, buscar patróns e comprobar resultados		
CA1.9 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Traballar con diferentes propostas as medidas de capacidade e peso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos. - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. - Cantidade - Sentido das operacións - Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais. - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido. - Magnitude - Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade, temperatura), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. - Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás. - Medición - Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas. - Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos, termómetros) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz (selección do instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades) con explicación verbal e gráfica do proceso seguido. - Estimación e relacións - Experimentación (comparación, ordenación, composición, descomposición) e expresión oral, gráfica ou iconográfica e escrita das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro. - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
12	Un futuro mejor	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.	PE	40
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Valorar distintas opcións ante o traballo co diñeiro.		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo con boa actitude.	TI	60
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar a información xeral contida en problemas da vida cotiá próxima ao alumnado.		
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Emprega a calculadora para realizar series, buscar patróns e comprobar resultados		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Valorar positivamente as matemáticas relacionando coa importancia na vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos. - Cantidade - Sentido das operacións - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido. - Educación financeira

Contidos

- Resolución individual e en equipo de problemas sinxelos da vida diaria nos que se manexen prezos de obxectos cotiáns e se empreguen, relacionadas con eses prezos, moedas e billetes de euro, ademais das súas equivalencias.
- Elaboración e representación de problemas nos que sexa necesario empregar e administrar o diñeiro.
- Aproximacións e estimacións en situacións simuladas de compra e venda, contraste da validez de cada estratexia, así como das súas vantaxes e inconvenientes.
- Medición
- Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas.
- Incerteza
- Distinción, nun ámbito lúdico e cotián, entre suceso posible e imposible e utilización adecuada deses termos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Os aspectos metodolóxicos máis salientables responden á necesidade de educar a cidadáns que convivan en sociedade e apliquen os coñecementos adquiridos dentro da escola á súa vida; para que isto se produza, a aula pretende ser un lugar de encontro para as conversas, o traballo en equipo, un lugar para a resolución de conflitos, e de achega á realidade máis próxima. Pretende ser unha metodoloxía integradora e que de resposta ás necesidades do alumnado atendendo aos seus intereses e inxerencias. A autonomía e iniciativa persoal é unha das competencias máis destacadas que pretende acadar a metodoloxía que se aplicará na aula. A xestión da liberdade por parte do alumnado e a axuda na toma de decisións así como os consensos e a resolución de problemas son aspectos que conforman o funcionamento da aula.

Estratexias metodolóxicas e fórmulas organizativas:

- Salientar as aprendizaxes básicas e os contidos máis relevantes para acadar as competencias.
- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- Centrarse na funcionalidade para aplicar as aprendizaxes á vida cotiá.
- Procurar que o alumno aprenda a aprender nutrindo das estratexias precisas para alimentar o pensamento crítico e coidadoso.
- Proposta de dinámicas e iniciativas conectadas coa vida e co ambiente máis próximo.
- Propoñer dinámicas que favorezan a aprendizaxe cooperativa.
- Fomentar habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da información.
- Favorecer a autonomía e liberdade na toma de decisións dentro da aula para retroalimentar a confianza en sí mesmos e a iniciativa persoal.
- Desenvolvemento en espiral e globalización.
- Metodoloxía global activa mental e física para potenciar a construción de aprendizaxes significativas.
- Autorregulación das aprendizaxes.
- Atender á diversidade do alumnado.
- Participación activa, dinámica e cooperativa.
- Utilización de todos os recursos aos que temos ao alcance, dentro e fora do centro.
- Respeito aos tempos e necesidades de cada quen.
- Valoraremos os erros como unha fonte de aprendizaxe necesaria e vital.
- Para unha maior implicación familiar nos procesos de vida das nenas e nenos solicitaremos de cando en vez a súa colaboración para levar a cabo diferentes actividades.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A inclusividade será o eixo vertebral da metodoloxía, traballarase para que o alumnado acepte positivamente as diferenzas entre eles. Isto supón organizar a ensinanza contando co propio alumnado como apoio a través de sistemas de aprendizaxe en equipo cooperativo e de sistemas de aprendizaxe apoiados nas titorías entre compañeiros e compañeiras. No enfoque cooperativo os estudantes traballan en equipo para realizar as tarefas, sendo fundamental ter en conta a formación de equipos, a interdependencia positiva e a responsabilidade individual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, kataminos, contas de madeira...
Material manipulativo non convencional: tapóns, pedras, paos, follas...
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area.
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fios, lás, ...
Material de debuxo: regra
Cartos: moedas e billetes.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, robot, tablet...
Outros recursos: planos, coleccionables, folletos, publicidade, pelotas, aros, material deportivo en xeral...

O currículo da área de matemáticas fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser empregados.

Nesta programación fórmulase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo no primeiro mes do curso e terá en conta:

- O análise dos informes persoais do curso anterior.
- Outros datos obtidos polo profesorado sobre o punto de partida dende o que o alumnado inicia as novas aprendizaxes.
- Información recollida in situ nas primeiras sesións de curso mediante a observación e realización de tarefas

sinxelas.

Os resultados da avaliación inicial comentaranse na sesión de avaliación e deixaranse rexistrados.

Dita avaliación inicial será o punto de referencia do equipo docente para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e para a súa adecuación as características e coñecementos do alumnado. O equipo docente, como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptará as medidas pertinentes de apoio, ampliación, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos e alumnas que o precisen.

Para iso, iniciaremos o curso con actividades para activar no alumnado os coñecementos e destrezas traballados con anterioridade, abordando os aspectos fundamentais que o alumnado debería coñecer ata o momento.

De igual modo, propoñeranse actividades suficientes que permitan coñecer o nivel de partida de cada estudante, co fin de realizar os axustes pertinentes no proceso de ensino-aprendizaxe, para adaptalo ás necesidades e características tanto do grupo como individuais para cada alumno ou alumna.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	7	9	9	9	8	9	9	8	8
Proba escrita	40	35	30	35	0	25	75	65	60	50
Táboa de indicadores	60	65	70	65	100	75	25	35	40	50

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	9	100
Proba escrita	20	40	40
Táboa de indicadores	80	60	60

Criterios de cualificación:

Probas escritas sobre os contidos traballados na aula: 40%

Actividades e probas orais (sobre cálculo mental, numeración...): 15%

Traballo de clase : 25%

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación integrarase na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación

progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

A detección temperá das necesidades educativas do alumnado provocará a activación dos mecanismos dos que dispón o centro para atendelas. Tomaranse as medidas de reforzo que se consideren máis axeitadas para dar resposta ás necesidades enfocadas dende unha perspectiva dinamizadora e estimulante. Estas poderán ser de carácter organizativo que afecten aos elementos non prescriptivos do currículo e as medidas de carácter curricular que si afectan aos elementos prescriptivos do currículo.

A inclusividade de todo o alumnado é un dos principios metodolóxicos que fundamentan esta programación. A atención a diversidade plantéxase dende unha atención individualizada.

Ademáis poñeranse en marcha estratexias de traballo cooperativo, nas que sexan os propios nenos e nenas os que teñan a posibilidade de regular a atención precisa, así como de axudar a aqueles compañeiros e compañeiras que máis o precisen. Deste xeito prevénse agrupacións que inclúan a nenos e nenas con distintos niveis de desenvolvemento, procurando que non sexan sempre os mesmo nenos e nenas os que precisen ser axudados. Buscarase a potencialidade de cada neno e nena coa finalidade de aproveitala nestes agrupamentos.

A detección de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo conlevará a derivación ao Departamento de Orientación para unha avaliación máis exhaustiva e se é preciso poñer as medidas de actuación adecuadas para dar resposta a ditas necesidades.

Na aula de 2ºB un escolar ten unha escolarización combinada co centro Amicos. Permanecerá na aula con apoios da cuidadora e do departamento de orientación os xoves e venres.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X		
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X		
ET.3 - Comunicación audiovisual				X		X		
ET.4 - Competencia dixital	X	X				X		
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X		
ET.6 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X		
ET.7 - Espírito do emprendemento	X		X	X		X		
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de maneira guiada no deseño dalgunhas producións musicais elementais.		
CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Toma parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas de xeito guiado.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre algunhas propostas artísticas e escénicas presentadas na clase.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, incluíndo as principais profesións vinculadas ás artes escénicas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Asocia algunhas das manifestacións traballadas ao continente, país, zona ou rexión correspondente.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Desenvolve dun xeito básico a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando algunha diferenza e algunha similitude entre elas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce algunhas obras de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e algunhas ferramentas de expresión artística.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Utiliza elementos básicos da expresión corporal.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Vocabulario específico básico de música. - Recursos dixitais básicos para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación básicas. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas. - Principais profesións vinculadas ás artes escénicas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

- Consciencia e colocación da postura corporal.
- Respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto.

A metodoloxía será activa e centrada no alumnado, sendo o alumnado o seu propio creador de coñecementos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador
Altofalantes
Piano electrónico
Cartafol
Estoxo

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula estará colocada en forma de U deixando un espazo no medio para as actividades que impliquen movemento.

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (cartafol para fichas e estoxo).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular.

As actividades serán:

-Unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro: aquí inclúese a comprobación do nivel de dominio con algún/s instrumento/s PAI, PAD.

-Unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical de 1º primaria.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	16	16	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 50% + UD2 50%

-2º trim.: UD3 50% + UD4 50%

-3º trim.: UD5 50% + UD6 50%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 33%

-2º trim. 33%

-3º trim. 33%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o

seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- Se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).
- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.
- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continua se refire.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico	Concerto didáctico no Auditorio de Galicia.	X		
Festival de Fin de Curso	Concerto de todo o centro.			X
Colaboración coa revista do centro	No 3º trimestre colabórase elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no Xornal.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.

Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Apoíouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001471	CEIP Plurilingüe Praia Xardín	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	2º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación docente está deseñada para as nenas e os nenos do segundo curso de educación primaria do CEIP Praia Xardín, no Concello de Boiro. O alumnado distribúese en dous grupos, 2ªA e 2ªB, que presenta distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, motivo polo cal deseñase unha programación aberta e flexible para que se adapte a cada un deles ou delas e a súa situación. Na aula de 2ªA un dos escolares non ten superada a área de 1º de primaria e en 2ªB contamos cun alumno con escolarización combinada e adaptación curricular nesta área. Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As emocións.	Aprender a identificar e xestionar as emocións propias e entender as dos demais.	30	13	X		
2	Coidado do planeta	Aprender a valorar, respectar e coidar a súa contorna.	30	12		X	
3	Valores cívicos	Achegarse a unha boa convivencia en sociedade.	40	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As emocións.	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia das emocións.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para comprender as emocións.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar as emocións propias e dos demais.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Coidado do planeta	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados para o coidado do planeta.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios para o coidado do planeta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Valores cívicos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar conductas propias dunha boa convivencia.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal axeitada.	TI	100
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Os aspectos metodolóxicos máis salientables responden á necesidade de educar a cidadáns que convivan en sociedade e apliquen os coñecementos adquiridos dentro da escola á súa vida; para que isto se produza, a aula pretende ser un lugar de encontro para as conversas, o traballo en equipo, un lugar para a resolución de conflitos, e de achega á realidade máis próxima. Pretende ser unha metodoloxía integradora e que de resposta ás necesidades do alumnado atendendo aos seus intereses e inxerencias. A autonomía e iniciativa persoal é unha das competencias máis destacadas que pretende acadar a metodoloxía que se aplicará na aula. A xestión da liberdade por parte do alumnado e a axuda na toma de decisións así como os consensos e a resolución de problemas son aspectos que conforman o funcionamento da aula.

Estratexias metodolóxicas e fórmulas organizativas:

- Salientar as aprendizaxes básicas e os contidos máis relevantes para acadar as competencias.
- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- Centrarse na funcionalidade para aplicar as aprendizaxes á vida cotiá.
- Procurar que o alumno aprenda a aprender nutrido das estratexias precisas para alimentar o pensamento crítico e coadrosado.
 - Proposta de dinámicas e iniciativas conectadas coa vida e co ambiente máis próximo.
 - Propoñer dinámicas que favorezan a aprendizaxe cooperativa.
 - Fomentar habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da información.
 - Favorecer a autonomía e liberdade na toma de decisións dentro da aula para retroalimentar a confianza en sí mesmos e a iniciativa persoal.
 - Desenvolvemento en espiral e globalización.
 - Metodoloxía global activa mental e física para potenciar a construción de aprendizaxes significativas.
 - Autorregulación das aprendizaxes.
 - Atender á diversidade do alumnado.
 - Participación activa, dinámica e cooperativa.
 - Utilización de todos os recursos aos que temos ao alcance, dentro e fora do centro.
 - Respecto aos tempos e necesidades de cada quen.
 - Valoraremos os erros como unha fonte de aprendizaxe necesaria e vital.
 - Para unha maior implicación familiar nos procesos de vida das nenas e nenos solicitaremos de cando en vez a súa colaboración para levar a cabo diferentes actividades.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A inclusividade será o eixo vertebral da metodoloxía, traballarase para que o alumnado acepte positivamente as diferenzas entre eles. Isto supón organizar a ensinanza contando co propio alumnado como apoio a través de sistemas de aprendizaxe en equipo cooperativo e de sistemas de aprendizaxe apoiados nas titorías entre compañeiros e compañeiras. No enfoque cooperativo os estudantes traballan en equipo para realizar as tarefas, sendo fundamental ter en conta a formación de equipos, a interdependencia positiva e a responsabilidade individual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de debuxo.
Ferramentas agrícolas.

Material necesario para a sementeira (terra, tarros, luvas).
Material para decorar o muro exterior do horto (etiquetas, pinturas, carteis).
Material funxible
Fichas de traballo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Actividades orais e escritas: 50%

Traballo de clase : 50%

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación integrarase na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

A detección temperá das necesidades educativas do alumnado provocará a activación dos mecanismos dos que dispón o centro para atendelas. Tomaranse as medidas de reforzo que se consideren máis axeitadas para dar resposta ás necesidades enfocadas dende unha perspectiva dinamizadora e estimulante. Estas poderán ser de carácter organizativo que afecten aos elementos non prescriptivos do currículo e as medidas de carácter curricular que si afectan aos elementos prescriptivos do currículo.

A inclusividade de todo o alumnado é un dos principios metodolóxicos que fundamentan esta programación. A atención a diversidade plantéxase dende unha atención individualizada.

Ademáis poñeranse en marcha estratexias de traballo cooperativo, nas que sexan os propios nenos e nenas os que teñan a posibilidade de regular a atención precisa, así como de axudar a aqueles compañeiros e compañeiras que máis o precisen. Deste xeito prevéanse agrupacións que inclúan a nenos e nenas con distintos niveis de desenvolvemento, procurando que non sexan sempre os mesmo nenos e nenas os que precisen ser axudados. Buscarase a potencialidade de cada neno e nena coa finalidade de aproveitala nestes agrupamentos.

A detección de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo conlevará a derivación ao Departamento de Orientación para unha avaliación máis exhaustiva e se é preciso poñer as medidas de actuación adecuadas para dar resposta a ditas necesidades.

Na aula de 2ºB un escolar ten unha escolarización combinada co centro Amicos. Permanecerá na aula con apoios da cuidadora e do departamento de orientación os xoves e venres e neste caso, non está matriculado nesta área senon en relixión católica.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita			X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		X
ET.4 - Competencia Dixital	X		X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico		X	

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebración do Samaín (outubro 2023)	Celebración do samaín con actividades de centro e aula, como: creación de monicreques, tunel do terror, disfraces, decoración de cabazas...	X		
Celebración do magosto (novembro 2023)	Celebración do magosto a nivel centro, coa degustación de castañas e xogos populares.	X		
Día Universal da infancia - 20/11/2023	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar dita conmemoración.	X		
Día Internacional contra a Violencia de Xénero - 25/11/2023	Realizaremos diferentes actividades de aula e centro para celebrar a conmemoración e sensibilizar ante a violencia de xénero.	X		
Día internacional das persoas con discapacidade - 3/12/2023	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar a conmemoración. Tamén a celebraremos acudindo ao "Festirititi".	X		
Festival de Nadal - (decembro 2023)	Organizarase un festival a nivel centro para celebrar o nadal e celebraremos un pre fin de ano. A nivel aula, tamén realizaremos diferentes actividades sobre esta época do ano.	X		
Día internacional da Educación - 24/01/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar dita conmemoración.		X	
Día escolar da non violencia e da Paz - 30/01/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar dita conmemoración.		X	
Celebración do entroido - (febreiro 2024)	Realizaremos diferentes actividades de aula e centro para celebrar o entroido. Levarase a cabo un desfile por Boiro.		X	
Día de Rosalía de Castro - 23/02/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar a figura de Rosalía de Castro.		X	
Día internacional da muller - 8/3/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar a importancia de dito día.		X	
Semana da prensa - 4/3/2024 a 8/3/2024	Realizaremos diferentes actividades sobre o tema e, un día da semana, traballaremos na aula con xornais.		X	
Día das artes galegas - 1/4/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar dita conmemoración.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día mundial da saúde - 7/4/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula para concienciar sobre o coidado da saúde.			X
Semana do libro - 22/4/2024 a 26/4/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar dita conmemoración.			X
Día Internacional contra o acoso escolar 2/5/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar dita conmemoración e a gravidade da mesma.			X
Semana das letras galegas- 13/5/2024 a 15/5/2023- Romería das Letras	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar a conmemoración. A nivel centro, organizarase a Romería das Letras Galegas.			X
Día mundial do Medio Ambiente - 5/6/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar dita conmemoración.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Procedementos de avaliación
Metodoloxía empregada
Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Eficiencia das medidas curriculares e organizativas
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade aplicadas
Clima de traballo na aula
clima de traballo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación entre o centro e a comunidade educativa

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001471	CEIP Plurilingüe Praia Xardín	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	2º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	37
4.2. Materiais e recursos didácticos	38
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	38
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	39
6. Medidas de atención á diversidade	40
7.1. Concreción dos elementos transversais	42
7.2. Actividades complementarias	43
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	43
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	44
9. Outros apartados	45

1. Introducción

Descrición

Podemos dicir, que programar é establecer unha serie de actividades nun contexto e un tempo determinados para ensinar uns contidos coa pretensión de conseguir varios obxectivos e competencias.

Esta é unha programación didáctica para a área de Educación Física en 2º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A educación na escola intenta dar resposta ás demandas sociais; no noso caso vamos a intentar dar resposta á demanda de actividade física saudable. Polo tanto, a través da posta en práctica desta programación intentarei contribuír ao desenvolvemento de nenos, nenas e futuros adolescentes fisicamente activos, e favorecer que o hábito de realizar actividade física saudable sexa mantido tamén na vida adulta.

Hoxe en día considérase que a área de Ed. Física é imprescindible para acadar o obxectivo principal do noso Sistema Educativo, que é o desenvolvemento integral do individuo. Permite desenvolver a personalidade do alumnado baixo os seus cinco ámbitos: físico, psíquico, cognitivo, inserción social e relación interpersoal.

A Educación Física é o fio condutor que posibilita o desenvolvemento das aptitudes e capacidades físico, psíquico e socio-motrices do alumnado.

Como pilar fundamental para esta programación tiven en conta o Método Psicocinético de Le Boulch que hoxe en día derivou na Educación Física de Base e se entende como un método xeral de educación que emprega como material pedagóxico o movemento humano en tódalas súas formas. A través deste comportamento motor estaremos educando ó alumnado de forma integral tratando a consecución de xeito global de cinco ámbitos anteriormente mencionados e por extensión das competencias clave.

Características dos alumnos e alumnas do 1º Ciclo

+Desenvolvemento Psicomotor: prodúcese o paso do movemento global ao diferenciado, comeza unha progresiva representación da acción do corpo o que lle permite un desenvolvemento do control postural e respiratorio, hai unha afirmación progresiva da lateralidade e diferencian esquerda e dereita en si mesmos, están moi motivados ante calquera actividade física e de movemento, melloran as súas capacidades físicas e motrices de coordinación e equilibrio, e é capaz de esbozar de maneira gráfica os principais elementos do seu corpo.

+Desenvolvemento Socioafectivo: saen do entorno familiar e aparecen as relacións sociais cos amigos, coñecen o contorno pero manteñen un marcado carácter egocentrista, entenden as normas de convivencia e as asumen, ou non, de forma consciente.

+Desenvolvemento Intelectual: transición entre o período preoperatorio e de operacións concretas, perciben a realidade de forma global polo que a súa actuación é intuitiva, son capaces de establecer conclusións tras a realización dunha tarefa, aumenta a atención e a observación, son curiosos polo que buscan resposta de todos os feitos, a súa evolución espacio-temporal está ligada ás súas experiencias mentais.

CONTEXTUALIZACIÓN

- Centro: CEIP Praia Xardín
- Unidades: 13 (3 en EI e 10 en EP)
- Curso: 2º A e B
- Nº alumnos/as: 25 (7 nenas e 17 nenos)
- Instalacións: ximnasio, polideportivo, patio exterior con campo de fútbol de terra e pista polideportiva, zona verde no propio recinto do centro, acceso directo á praia dende o pavillón do centro e nas proximidades ampla zona verde con zonas de esparcemento e ocio.
